



Xoves, 01 de outubro do 2015

O ciclo de mesas redondas **Escritoras/es na Universidade celebra o seu décimo aniversario**

Dez anos como espazo de encontro entre literatura e sociedade

Teresa Moure e Rosa Enríquez inauguraron unha nova edición marcada pola subxectividade

M. Del Río | Vigo

Hai agora dez anos, a escritora Luz Pozo Garza inauguraba o I ciclo de mesas redondas ***Escritoras/es na Universidade***, daquela, na Universidade da Coruña. Un ano despois a Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo uniuse a esta iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Neste tempo a literatura galega achegouse á comunidade universitaria en primeira persoa, coa participación de nomes tan senlleiros das letras do país como Xosé Neira Vilas, M^a do Carme Kruckenberg, M^a Xosé Queizán, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Marcos Calveiro, Xosé Monteagudo, Marilar Aleixandre ou Quico Cadaval entre outros moitos que quixeron debater con estudantes e docentes sobre o panorama actual da escrita galega. Pero o ciclo é tamén un xeito, como explica a súa coordinadora, a profesora e escritora Rexina Vega, de darlle unha palestra ás novas voces da literatura galega.

Este xoves inaugurouse a décima edición que, baixo o título *Afinidades electivas?*, aposta pola subxectividade, para que cada autor ou autora non fale da súa propia obra, senón de quen os acompaña na mesa. As primeiras en probar este formato foron este xoves Rosa Enríquez e Teresa Moure. O obxectivo, como destaca Rexina Vega, “é establecer un diálogo de verdade, lonxe

dos discursos litúrxicos habituais dos actos culturais”.

Outra das novidades desta décima edición é que varias sesións se trasladan ao centro de Vigo. “A idea é que a Universidade baixe á cidade, porque estamos lonxe e influímos moi pouco na vida cultural e iso é desbaldir oportunidades”. Neste sentido, a organización apostou por colaborar co tecido asociativo e non polo eido institucional, por iso escolleron como sede o Charenton Club, “un dos motores culturais de Vigo que nos permite crear unha sinerxía entre o activismo cultural da cidade e a Universidade”. A seguinte cita será o 9 de outubro cunha mesa sobre narrativa con Juan Tallón e Manuel Darriba e a de peche o día 16 con Clara Gayo e Marta Pérez falando de teatro.

Sacar á literatura galega da zona de sombra

Tras unha década de esforzos é o momento dos balances. Rexina Vega, que tomou a remuda de Manuel Forcadela na coordinación desta actividades, apunta que “durante estes dez anos pasaron moitas cousas e houbo unha contracción brutal do espazo público e da visibilidade da literatura galega”. Se ben esta actividade naceu “como unha máis das que as institucións facían como espazo de encontro da literatura e a sociedade agora mesmo é das poucas que resisten, a cultura galega quedou orfa de apoio institucional”. Destaca que a crise levou por diante non só parte do sistema editorial, senón tamén o de representación de visibilización. “Estamos en zona de sombra e este é dos poucos faros que temos para poder ser vistos”. Deste período destaca tamén unha mudanza xeracional que se reflicte nos autores que foron pasando polas mesas de debate. Ante a falta de palestras públicas onde visibilizar o traballo das novas xeracións, Vega aposta por empregar a Universidade “como intermediario cara a sociedade das novas e máis activas voces da literatura, apostando polos que din algo novo”.

Teresa Moure e Rosa Enríquez fronte a fronte

Neste formato de diálogos fronte ao espello, a escritora Teresa Moure foi a encargada de afondar na obra e na figura de Rosa Enríquez. Recoñece a existencia de moitas conexións ideolóxicas e vitais, “dinme conta de que falar de ela era en certo modo falar de min, e iso embarazábame”. Destaca que a obra de Enríquez está marcada en primeiro lugar polo erotismo, “que é algo moi habitual na poesía galega de mulleres, pero o seu erotismo ten unha forte concepción de clase e os desclasados están moi presentes na súa obra”. Moure presenta a Enríquez como unha “das e dos poetas cun referente máis culto de toda a lírica actual en galego e creo que se fose un home non sería interpretada en termos eróticos, senón que polas súas referencias á arte, á filmografía... podería ser un referente cultísimo”. O terceiro trazo da súa obra sería o ingrediente ecolingüístico, “porque aínda que escribe en galego aparecen no seu poemario moitos versos en inglés, en francés e mesmo en español, algo moi pouco habitual na literatura galega, que normalmente é moi combativa na defensa do galego”.

Para Rosa Enríquez falar de Teresa Moure non é doado “porque ten unha obra ampla, pero o que máis me interesa é o seu traballo de ensaio e de narrativa”. A escritora e xornalista pon o foco no seu discurso feminista, “un discurso necesario” que recoñece que “pode resultar incómodo pero necesario para que todas as mulleres tomemos conciencia de moitos temas que temos interiorizados pero dos que non somos conscientes”. Por outra banda, tamén se referiu ao seu discurso literario, que está imbuído do discurso político. “Paréceme moi honesta porque creo que é complicado saírse da política e en toda a súa obra fainos ver que non existen espazos de neutralidade”, destaca.

Unha cultura e unha lingua en risco

Este foro de debate serviu tamén para que as escritoras reflexionasen sobre a situación actual da literatura e da lingua galega e ambas coinciden con Rexina Vega en que vive un momento de crise, de falta de apoios e de invisibilización. Moure recoñece que a crise económica pode afectar ao compromiso dos lectores pero considera máis importante “a política de persecución á lingua galega promovida pola Xunta de Galicia que colocou ás editoriais que publican en galego en situacións complicadas e afectou tamén á dinamización da vida cultural do país”. Rosa Enríquez destaca que a crise na literatura galega é maior ca na española porque é considerada unha literatura “subalterna”. Recoñece que existe un “problema de lectores” pero tamén considera innegable que “a situación do galego é precaria, non existe un bilingüismo harmónico, senón un conflito evidente”.

Fronte a “tanto pesimismo e desesperanza polos atrancos do idioma” Teresa Moure quixo recoñecer o esforzo de todos aqueles defensores e loitadores da lingua. “O actual momento cultural e literario galego está baseado nunha forte militancia, unha actitude de compromiso co idioma que require unha dose moi forte de voluntarismo e de enerxía” e, nese sentido, subliñou que “a lingua seguirá viva mentres traballemos para que siga viva”.